

## VI. FOMENTO

### a) En el ámbito educativo

El Departamento de Educación entre las actividades que ha emprendido para la euskaldunización del ámbito escolar ha convocado por Orden de 26 de septiembre de 1986 (BOPV 28 de octubre) ayudas a las Escuelas de Bersolaris formadas por niños en edad escolar. Con idéntico objetivo la Orden de 26 de septiembre de 1986 (BOPV 28 de octubre) ha convocado ayudas para actividades teatrales destinadas a euskaldunización del ámbito escolar durante el curso 1986-1987.

Por otra parte, la Orden de 30 de septiembre de 1986 (BOPV 12 de noviembre) convoca el concurso denominado «Isaac López Mendizábal» correspondiente a 1986 para seleccionar y primar los mejores libros de enseñanza escritos en euskara destinados a los niveles no universitarios.

Por último, la Resolución de la Viceconsejería de Educación de 20 de noviembre de 1986 (BOPV 5 de diciembre) adjudica subvenciones a libros escolares de niveles no universitarios publicados en euskara.

### b) En el ámbito cultural

Se hace pública la adjudicación de subvenciones a la producción editorial literaria en euskara mediante Resolución de 6 de noviembre de 1986 (BOPV 12 de noviembre).

Además el IVAP ha convocado por Resoluciones de 29 de octubre de 1986 (BOPV 14 de noviembre) por un lado, cinco becas de colaboración en el servicio de euskaldunización y en la Escuela de Traductores Jurídico-Administrativos y, por otro, concurso de méritos para la contratación de cuatro trabajos de investigación en materia de euskara y Administración Pública. La adjudicación tanto de las becas como de los trabajos aparece publicada en el BOPV de 18 de diciembre de 1986.

## I.4. GALICIA

per Xosé GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Cap del Servei municipal de l'idioma del Consello de Redondela

A nosa última crónica lexislativa foi publicada no número 6 de REVISTA DE LLENGUA I DRET. Como lembrarà o lector, dabamos conta de publicación de varios Decretos que aproban os Estatutos da Universidade Galega, o primeiro, e outro, que desenvolvía o art. 23 da Lei do Estatuto Galego do Consumidor e Usuario. Dende aquela deixamos de estar en contacto cos lectores.

A crise que está a vivi-lo Goberno galego da Xunta de Galicia tivo o seu cumple un anos despois, xustamente, de celebrarensse as eleccións. Un ano, pois, de inactividade lexislativa e administrativa.

Co cambio do titular de Dirección Xeral de Política Lingüística empézán a publicarse no Diario Oficial de Galicia, en diversos números dos meses de novembro, decembro e xaneiro, diversas Ordes das Consellerías da Presidencia e Educación. Imolas comentar todas.

A Orde do 15 de decembro de 1986 (DOG n.º 252, do 29 de novembro de 1986), regula a concesión de axudas económicas a empresas periodísticas de publicacións periódicas non diarias por uso e normalización da lingua galega durante 1986, tentando arbitrar un sistema de axudas institucionais, cumprindo os obxectivos previstos na Lei de Normalizacións Lingüística.

As mesmas poderanse acoller, segundo dispón o apartado 1.º da Orde, as empresas periodísticas de publicacións periódicas non diarias, domiciliadas en Galicia, que publiquen informacións, artigos, colaboracións ou seccións fíxas en lingua galega normativizada.

Nesta ocasión a Consellería de Presidencia para evitar trifulcas introduciú unha matización que non pode pasar desapercibida cando condiciona a subvención para que a lingua sexa normativizada. Pонse así cabo ás confusións que se viñan producindo por mor das normas ortográficas que non sexan as que aprobou o Decreto 73/1982, do 17 de novembro.

Quedan excluidos desta axuda os boletín interiores de institucións, as publicacións de partidos políticos, asociacións ou entidades públicas e as de distribución gratuita.

O apartado 4.º sinala que «A axuda consistirá no aboamento por parte da Consellería da Presidencia dunha cantidade máxima de un millón de pesetas».

O *Diario Oficial de Galicia* do 18 de decembro publica senllas Ordes da Consellería de Educación, que a seguir comentamos.

A primeira delas é do 28 de novembro de 1986, sobre concesión de axudas para a celebración de congresos, xornadas, simposios e outros. Trátase dunha Orde que ten catro artigos, precedidos dunha exposición breve de motivos. As axudas que se convocan están consignadas no presupuesto da Consellería coa denominación «A familias e institucións sen fins de lucro para a subvención de congresos, xornadas, simposios e outros». A asignación é de catro millóns de pesetas para subvencionar actividades tendentes á obtención das finalidades, sempre e cando prime na súa realización a promoción e cooperación cultural de lingua galega. Lingua galega, por outra banda, como concreta o art. 3.º da Orde, que será normativizada.

Outra Orde, da mesma Consellería, do 28 de novembro, aproba as Bases que regularán as subvencións á prensa escolar en galego dos distintos centros de ensino non universitario. O Anexo desta Orde contén

oito apartados e, seguindo coa tónica das anteriores Ordes, «os xornais e revistas deben estar escrito en galego normativizado, segundo a lexislación vixente».

Os requisitos para se beneficiaren os centros de ensino destas subvencións non presentan dificultades. Na Base 3.<sup>a</sup> cifrase o importe máximo por proxecto e centro en 50.000 pesetas. Por mor das vacacións de nadal prorrogouse o prazo para a presentación de solicitudes, xa que remataba o día 3 de xaneiro.

O DOG do 19 de decembro publica seis Ordes da Consellería de Educación. Todas elas levan data do 29 de novembro.

A primeira convoca subvencións para a realización de cursos de formación en lingua galega a través de asociacións culturais. A partida presupostaria é cativa, certamente. Apenas un millón de pesetas. A Consellería, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística comprométese a subvencionalo gasto do profesorado e material necesario para imparti-lo curso. Amais disto, e como requisito, «a impartición do curso farase en galego normativizació, ó abeiro da lexislación vixente».

Outra Orde publicada aproba as Bases que regularán as axudas ós suplementos de prensa escolar editados en galego. Dispón para tal fin a Dirección Xeral de Política Lingüística de un millón de pesetas. Con esta cantidade, coidamos nós, o incentivo é insignificante. E un dato significativo que o diario *Faro de Vigo*, que viña editando dous suplementos —un cultural e outro de educación— á semana abandoara a súa publicación. Anque neste caso habería que falar máis cá dun acto de protesta nun cambio de liña editorial da empresa moi pouco proclive á defensa da cultura galega. Agora mesmo son tres os periódicos que editan, e que se benefician da subvención oficial, suplementos de educación. A utilización da lingua galega nos mesmos non é total.

O mesmo número do DOG publica outra Orde pola que se convocan axudas a entidades e empresas privadas para accións de promoción da lingua galega, co fin de dar cumprimento ó art. 25 da Lei de Normalización Lingüística, «e, máis concretamente, co ánimo de fomenta-la normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas, deportivas e outras». A Dirección Xeral destina a este fin a cantidade de 6.500.000 pesetas.

No Anexo da Orde recóllense as Bases da convocatoria:

1.<sup>a</sup> As axudas ás que fai referencia esta Orde poderán ser solicitadas por todas aquelas empresas e entidades privadas legalmente constituidas dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

»2.<sup>a</sup> As modalidades de subvención serán:

- a) Modificación de rótulos e letreiros dos establecementos comerciais.
- b) Publicidade nos distintos medios de comunicación social relaciona-

da con actividades de tipo mercantil, cultural, deportivo e outros, redactada, seriada ou emitida en galego normativizado.»

Fíxase, así mesmo, a cantidade da subvención, que en ningún caso superará ó 50 % do custo total do proxecto.

O artigo 4 dí que «a Consellería de Educación poderá facer pública unha nova convocatoria en iguais ou diferentes termos, no suposto de que as adxudicacións acordadas non cubran a totalidade do crédito asignado».

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, segundo as nosas informacións, o balanzo de entidades privadas interesadas en acollerense ós beneficios desta Orde foi cativo. Compraría unha boa campaña de información estimulando ó cambio de actitudes lingüísticas nas actividades mercantís. Mentre non se utilicen outros criterios dende a Dirección Xeral de Política Lingüística os efectos da normalización lingüística non se producirán.

Unha terceira Orde convoca axudas a entidades culturais para accións de promoción da Lingua Galega. A Consellería, co fin de dar cumprimento ó disposto na Lei de Normalización Lingüística, e, máis concretamente, co ánimo de que tanto as entidades culturais legalmente constituidas na nosa Comunidade Autónoma como aquelas que, áinda que están fóra das nosas fronteiras, están constituidas por emigrantes galegos que precisan disponer de servicios culturais e lingüísticos en língua galega ou que realizan actividades nas que prime a promoción da lingua galega, adica catro millóns de pesetas do presupuesto de gastos da Dirección Xeral de Política Lingüística.

Unha cuarta Orde deste bloque publicadas no DOG do 10 de decembro, convoca subvencións para programas de investigación científica no campo da Lingua e Cultura galegas. Destínanse a este fin cinco millóns de pesetas. O importe máximo por proxecto, segundo a Base 3.<sup>a</sup> do Anexo, cifrase en cincocentas mil pesetas.

As partidas presupostarias non están ben dotadas para o inxente labor que supón a normalización lingüística nun País tan peculiar polos prexuicios lingüísticos existentes, que pesan áinda moito máis nos sectores económicos.

No próximo número falaremos das leis da función Pública e da que crea a Escola de Administración Pública Galega, que áinda están na fase de estudio polas respectivas Comisións Parlamentarias.